

CUARTO DE GRAO ELEMENTAL

PROBA DE TROMPETA

A proba de acceso a 4º de grao elemental constará da presentación de **duas obras ou textos** á libre elección do aspirante, dependendo ao nivel do curso ao que opta, así coma **unha lectura a primeira vista** dunha obra ou texto proposta polo tribunal.

Un estudo a elixir entre os seguintes:

- Un estudo entre os 50 ó 64 do libro “First Book of practical Studies for Cornet and Trumpet” de R. W. Getchell.
- Estudo nº 1 da unidade 17 do libro “Aprende Tocando a Trompeta e o Cornetín de Pistones” de Peter Wastall.
- Estudo nº 2 da unidade 19 do libro “Aprende Tocando a Trompeta e o Cornetín de Pistóns” de Peter Wastall.

Dúas pezas a elixir entre as seguintes:

- Unha das pezas de concerto para as unidades a 24 do libro “Aprende Tocando a Trompeta e o Cornetín de Pistóns” de Peter Wastall.
- “Allegro” da unidade 21 do mesmo libro
- “Allemande” da unidade 23 de mesmo libro

-“The young virtuoso” de Cliford P. Barnes

-“Les olimpiades” de W. Dorselaer.

As listas de obras e estudos son a título orientativo, podendo o alumno presentar ó tribunal un programa de obras e estudos de dificultade similar ás publicadas nesta programación.

As obras que teñan acompañamento de piano poderán ser interpretadas con ou sen pianista acompañante, a elección do alumno. Será o propio alumno o que achegue o pianista se é necesario.

PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos cursos anteriores.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico – melódico:** a unha voz e dunha extensión entre 8 e 12 compases, ata unha alteración na armadura, podendo levar tamén algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea.
- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4ª.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar, en clausura, ámbolos dous exercicios.

